



PLAN DIGITAL

CEIP San Francisco Javier

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

DENOMINACIÓN	CEIP SAN FRANCISCO JAVIER
Nº DE CÓDIGO	15025025
LOCALIDADE	A Coruña
DIRECCIÓN	RONDA DE OUTEIRO 72 C0 15009
TELÉFONO/FAX	881960981- Fax 881960987
CONCELLO	A Coruña
EMAIL	ceip.sanfrancisco@edu.xunta.gal
PÁXINA WEB	http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanfrancisco/

Na rede de Centros contéplase o funcionamento deste centro con seis unidades de Educación Infantil e 12 unidades de Educación Primaria. Non obstante no presente curso 2021-2022, este centro funcionará con 6 unidades de EI e 14 de Educación Primaria:

2º Ciclo de EI : 150 nenas e nenos

2 unidades de 4º

2 unidades de 5º

2 unidades de 6º

Educación Primaria: 313 nenas e nenos

1º Nivel: 2 unidades

2º Nivel: 2 unidades

3º Nivel: 2 unidades

4º Nivel: 3 unidades

5º Nivel: 3 unidades

6º Nivel: 2 unidades

En canto ao persoal docente o centro consta, no presente curso 2021-2022, con 6 docentes titoras e titores de EI, 14 docentes titoras e titores de E.P., 2 especialistas de Inglés, 2 especialistas de Educación Física, 2 especialistas de Pedagogía Terapéutica, 1 especialista de Audición e Linguaxe e outra (media) compartida con outro centro, 1 especialista de Educación Musical, 1 profesora de Relixión, 2 profesoras de apoio a Educación Infantil, e unha persoa que ocupa a Xefatura do Departamento de Orientación. Respecto do persoal non docente, ademais do persoal de conserxería e administración, o centro ten asignadas actualmente tres persoas coidadoras (ATE) que desenvolven as súas funcións con alumnado con NEE.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.- Situación xeográfica:

O **CEIP San Francisco Javier** está situado no barrio da “Cubela”, espazo que sufriu unha grande evolución nos últimos 25 anos. Ata entón era unha área deprimida, considerada do extrarradio da cidade, ocupada por chabolas nas que habitaban gran número de persoas de etnia xitana e con casas unifamiliares que conformaban o barrio da Gaiteira. A arteria máis frecuentada e significativa era a rúa Ramón y Cajal que absorbía unha grande circulación de camiións, procedentes das instalacións portuarias e cara á saída da cidade.

Parte de este terreo foi adquirido polo Corte Inglés e por un consorcio de comercios coruñeses para construír o “**Centro Comercial Cuatro Caminos**”. A partir de ese momento o barrio sufriu unha grande transformación que cambiou por completo a configuración da zona.

Construíuse o colexio para albergar ao alumnado que se escolarizaba nuns barracóns prefabricados e nunhas aulas cedidas de forma provisional polo Instituto Fernando Wirtz ao CEIP Concepción Arenal .

Actualmente o colexio está enclavado nun dos barrios comerciais máis importantes da cidade. Este barrio foi urbanizado con edificios modernos, xardíns, instalacións deportivas, servizos municipais e situado, así mesmo, moi preto da estación de autobuses e a de ferrocarril e tamén do edificio de Servizos Múltiples da Xunta de Galicia.

É unha zona ben planificada con abundantes áreas de esparcemento e ocio, rúas peonís acondicionadas para o paseo e abundantes xogos infantís.

2.- Ámbito demográfico :

En canto ao **ámbito demográfico** debemos facer unha distinción entre **dous tipos** de asentamentos familiares.

Por unha banda existen familias asentadas desde fai moito tempo no barrio, sendo as segundas e terceiras xeracións as que asisten neste momento ao colexio.

Por outra banda, as novas edificacións que contan con moitos pisos, albergan unha poboación nova que fan un considerable aporte de alumnado ao centro. Tras unha análise do censo Municipal extráese como conclusión que é maioría a poboación nova cunha media de 1,5 fillos por familia, aínda que, cada vez máis, nótase o incremento de fillos únicos e de fillos adoptados.

Cómpre salientar que, de momento, a solicitude de prazas para o colexio supera con amplitude a oferta que se fai no momento da matrícula polo que tódolos anos debense de rexeitar solicitudes.

3.- Nivel socio-económico e cultural:

Desde o punto de vista económico e laboral a situación é diversa xa que nunha porcentaxe dun 35% teñen un desenvolvemento baixo. Nesta porcentaxe inscríbense familias nas que somentes traballa un dos proxenitores, xeralmente por conta allea e con baixa cualificación profesional.

Por contra o 65% restante traballan por conta propia, profesións liberais, funcionariado ou no sector servizos; a maioría posúen titulacións de grado medio ou superior o que conleva unha situación familiar de maior benestar económico polo feito de traballar ámbolos dous cónxuges.

Cada vez con máis frecuencia preséntanse situacións de familias desestruturadas que inflúen negativamente no desenvolvemento académico dos/as fillos/as.

Destácase unha baixa porcentaxe dun 2-3 % das familias do Centro que se poidan considerar de ambientes marxinais aínda que o alumnado está plenamente integrado na dinámica escolar.

4.- Aspecto lingüístico:

A lingua habitual de uso no seo das familias e fóra de elas é o Castelán pero non existe rexeitamento algún cara o estudo da Lingua Galega quizáis porque sexa esta a que se usa a nivel coloquial en moitas das familias entre os pais, avós, etc, xa que son moitos os que proceden da zona rural.

Cúmprese de forma total a normativa do fomento da Lingua Galega tanto a nivel escrito como oral no desenvolvemento das actividades académicas.

5.- Servizos culturais, sociais e equipamento:

A zona conta con amplos servizos de carácter cultural e social e deportivo; o Concello na súa remodelación dotouno dunha importante infraestrutura, dispónse de:

- **Forum Metropolitano**, situado no Parque Europa, téñ biblioteca, auditorio, centro da terceira idade, servizos sociais con talleres adicados ao tempo de ocio e dirixidos a todos os grupos de idade, etc.
- **Polideportivo** situado no patio do Colexio, xestionado polo S.M. de Deportes e de uso preferente para o alumnado do Centro.
- **Biblioteca González Garcés**, ubicada no barrio de Elviña, preto da Cubela, onde se ofertan abundantes actividades culturais ás que teñen acceso os veciños do noso barrio.
- **Polideportivo San Diego**, punto de deporte enclavado na zona.
- **Parque da Cubela e parque de Oza**. Dúas zonas axardinadas e con equipamentos de ocio e xogos infantís

- De carácter privado, pero de tipo popular, está a **Sociedade Cultural e Recreativa da Gaiteira**, con numerosas ofertas para o tempo de lecer.

Ademais dos mencionados, están amplamente cubertas as necesidades de saúde e comercio.

6.- Contribución do PD ao Proxecto Educativo:

A elaboración do Plan Dixital de Centro axudará a:

- Potenciar os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos, facilitará a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberá contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.
- Promover a incorporación de obxectivos por niveis/ciclos/bloques para o dominio/uso da competencia dixital por parte do alumnado.

7.- A proposta para formación:

No CEIP San Francisco Javier darase continuidade a dúas liñas, nas que vén traballando desde hai anos.

- Unha liña de Convivencia: aprendizaxe emocional, disciplina positiva e patios dinámicos.
- Unha liña TIC: Plan dixital, integración didáctica das TIC, traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais e educación dixital. Serán do mesmo, os membros do Equipo Directivo, ademais da coordinadora TIC, a persoa coordinadora do plan, que terá horas de coordinación, e outros membros do claustro.

8.-Propostas de melloras para o vindeiro curso:

Como propostas de mellora de cara ao curso académico 2022/2023, o equipo TIC ca elaboración do PD propón:

- Adquirir máis unidades de tabletas dixitais. O obxectivo é chegar a ter un moble portátil con 25 ou 28 tabletas para dar servizo rotatorio a tódalas aulas.
 - Presentar ao claustro a posibilidade de crear un dominio de Google Workspace para o centro o curso que vén, especialmente pensando nos cursos máis altos de primaria (4º, 5º e 6º).
 - Facer un catálogo de materiais TIC, con fotografías, pequenas instrucións e ubicación, para que todo o profesorado poida facer uso deles con maior facilidade.
- E, por último pero fundamental, continuar coa realización de actividades dirixidas a mellorar a competencia dixital e autonomía nas TIC de todo o alumnado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Establécense como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

Os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

→ **LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación**

Artículo 111 bis. Tecnologías de la Información y la Comunicación.

1. El Ministerio de Educación y Formación Profesional establecerá, previa consulta a las Comunidades Autónomas, los estándares que garanticen la interoperabilidad entre los distintos sistemas de información utilizados en el Sistema Educativo Español, en el marco del Esquema Nacional de Interoperabilidad previsto en el artículo 42 de la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los Servicios Públicos.

Se considerarán especialmente relevantes las definiciones de los protocolos y formatos para el intercambio de datos entre sistemas de información de las Administraciones educativas.

Estas medidas también irán encaminadas a potenciar y a facilitar el aprovechamiento de los registros administrativos en el marco de las estadísticas educativas estatales, para posibilitar la ampliación de la información estadística referida al alumnado, el profesorado, los centros y las gestiones educativas, lo que redundará en la mejora de las herramientas de análisis y de seguimiento de la actividad educativa y de las medidas de mejora de la calidad del Sistema Educativo Español.

En el marco de la implantación de las citadas medidas, dentro de los sistemas de información propios de la gestión académica y administrativa se regulará un número identificativo para cada alumno o alumna, incluyendo las medidas educativas que en su caso se hubieran podido aplicar.

2. Los entornos virtuales de aprendizaje que se empleen en los centros docentes sostenidos con fondos públicos facilitarán la aplicación de planes educativos específicos diseñados por los docentes para la consecución de objetivos concretos del currículo, y deberán contribuir a la extensión del concepto de aula en el tiempo y en el espacio. Así mismo promoverán los principios de accesibilidad universal y diseño para todas las personas, tanto en formatos y contenidos como en herramientas y entornos virtuales de aprendizaje.

3. El Ministerio de Educación y Formación Profesional impulsará, previa consulta a las Comunidades Autónomas, la compatibilidad de los formatos que puedan ser soportados por las herramientas y entornos virtuales de aprendizaje en el ámbito de los contenidos educativos digitales públicos.

4. El Ministerio de Educación, Cultura y Deporte ofrecerá plataformas digitales y tecnológicas de acceso a toda la comunidad educativa.

5. Las Administraciones educativas y los equipos directivos de los centros promoverán el uso de las tecnologías de la información y la comunicación (TIC) en el aula como medio didáctico apropiado y valioso para llevar a cabo las tareas de enseñanza y aprendizaje. Las Administraciones educativas deberán establecer las condiciones que hagan posible la eliminación en el ámbito escolar de las situaciones de riesgo derivadas de la inadecuada utilización de las TIC, con especial atención a las situaciones de violencia en la red. Se fomentará la confianza y seguridad en el uso de las tecnologías prestando especial atención a la desaparición de estereotipos de género que dificultan la adquisición de competencias digitales en condiciones de igualdad.

6. El Ministerio de Educación y Formación Profesional elaborará y revisará, previa consulta a las Comunidades Autónomas, los marcos de referencia de la competencia digital que orienten la formación inicial y permanente del profesorado y faciliten el desarrollo de una cultura digital en los centros y en las aulas.

7. Las Administraciones públicas velarán por el acceso de todos los estudiantes a los recursos digitales necesarios, para garantizar el ejercicio del derecho a la educación de todos los niños y niñas en igualdad de condiciones.

Artículo 121. Proyecto educativo.

1. El proyecto educativo del centro recogerá los valores, los fines y las prioridades de actuación, incorporará la concreción de los currículos establecidos por la Administración educativa, que corresponde fijar y aprobar al Claustro, e impulsará y desarrollará los principios, objetivos y metodología propios de un aprendizaje competencial orientado al ejercicio de una ciudadanía activa. Asimismo incluirá un tratamiento transversal de la educación en valores, del desarrollo sostenible, de la igualdad entre mujeres y hombres, de la igualdad de trato y no discriminación y de la prevención de la violencia contra las niñas y las mujeres, del acoso y del ciberacoso escolar, así como la cultura de paz y los derechos humanos.

El proyecto educativo del centro recogerá asimismo la estrategia digital del centro, de acuerdo con lo establecido en el artículo 111 bis.5.»

2. Dicho proyecto estará enmarcado en unas líneas estratégicas y tendrá en cuenta las características del entorno social, económico, natural y cultural del alumnado del centro, así como las relaciones con agentes educativos, sociales, económicos y culturales del entorno. El proyecto recogerá, al menos, la forma de atención a la diversidad del alumnado, medidas relativas a la acción tutorial, los planes de convivencia y de lectura y deberá respetar los principios de no discriminación y de inclusión educativa como valores fundamentales, así como los principios y objetivos recogidos en esta Ley y en la Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, Reguladora del Derecho a la Educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer y formar en la igualdad particularmente de mujeres y hombres.»

2 bis. Los centros adoptarán las medidas necesarias para compensar las carencias que pudieran existir en la competencia en comunicación lingüística, en lengua castellana y en su caso en las lenguas cooficiales, tomando como referencia el análisis realizado previamente e incluyendo dicho análisis y tales medidas en su proyecto educativo.

Las Administraciones educativas adoptarán las iniciativas necesarias para facilitar a los centros la aplicación de dichas medidas.»

2 ter. El proyecto educativo incorporará un plan de mejora, que se revisará periódicamente, en el que, a partir del análisis de los diferentes procesos de evaluación del alumnado y del propio centro, se planteen las estrategias y actuaciones necesarias para mejorar los resultados educativos y los procedimientos de coordinación y de relación con las familias y el entorno.»

3. En el marco de lo establecido por las Administraciones educativas, los centros establecerán sus proyectos educativos, que deberán hacerse públicos con objeto de facilitar su conocimiento por el conjunto de la comunidad educativa. Asimismo, corresponde a las Administraciones educativas contribuir al desarrollo del currículo favoreciendo la elaboración de modelos abiertos de programación docente y de materiales didácticos que atiendan a las distintas necesidades de los alumnos y alumnas y del profesorado.

4. Corresponde a las Administraciones educativas favorecer la coordinación entre los proyectos educativos de los centros de educación primaria y los de educación secundaria obligatoria con objeto de que la incorporación de los alumnos a la educación secundaria sea gradual y positiva.

5. Los centros promoverán compromisos educativos entre las familias o tutores legales y el propio centro en los que se consignen las actividades que padres, profesores y alumnos se comprometen a desarrollar para mejorar el rendimiento académico del alumnado.

Artículo 132. Competencias del director o directora.

Son competencias del director o directora:

- a) Ostentar la representación del centro, representar a la Administración educativa en el mismo y hacerle llegar a esta los planteamientos, aspiraciones y necesidades de la comunidad educativa.
- b) Dirigir y coordinar todas las actividades del centro, sin perjuicio de las competencias atribuidas al Claustro del profesorado y al Consejo Escolar.
- c) Ejercer la dirección pedagógica, promover la innovación educativa e impulsar planes para la consecución de los fines del proyecto educativo del centro.
- d) Garantizar el cumplimiento de las leyes y demás disposiciones vigentes.
- e) Ejercer la jefatura de todo el personal adscrito al centro.
- f) Favorecer la convivencia en el centro, garantizar la mediación en la resolución de los conflictos e imponer las medidas correctoras que correspondan a los alumnos y alumnas, en cumplimiento de la normativa vigente, sin perjuicio de las competencias atribuidas al Consejo Escolar en el artículo 127 de esta Ley. A tal fin, se promoverá la agilización de los procedimientos para la resolución de los conflictos en los centros.
- g) Impulsar la colaboración con las familias, con instituciones y con organismos que faciliten la relación del centro con el entorno, y fomentar un clima escolar que favorezca el estudio y el desarrollo de cuantas actuaciones propicien una formación integral en conocimientos y valores de los alumnos y alumnas.
- h) Impulsar las evaluaciones internas del centro y colaborar en las evaluaciones externas y en la evaluación del profesorado.
- i) Convocar y presidir los actos académicos y las sesiones del Consejo Escolar y del Claustro del profesorado del centro y ejecutar los acuerdos adoptados, en el ámbito de sus competencias.
- j) Realizar las contrataciones de obras, servicios y suministros, así como autorizar los gastos de acuerdo con el presupuesto del centro, ordenar los pagos y visar las certificaciones y documentos oficiales del centro, todo ello de acuerdo con lo que establezcan las Administraciones educativas.
- k) Proponer a la Administración educativa el nombramiento y cese de los miembros del equipo directivo, previa información al Claustro del profesorado y al Consejo Escolar del centro.
- l) Promover experimentaciones, innovaciones pedagógicas, programas educativos, planes de trabajo, formas de organización, normas de convivencia, ampliación del calendario escolar o del horario lectivo de áreas o materias, de acuerdo con lo recogido en el artículo 120.4.

- m) Fomentar la cualificación y formación del equipo docente, así como la investigación, la experimentación y la innovación educativa en el centro.
- n) Diseñar la planificación y organización docente del centro, recogida en la programación general anual.
- ñ) Cualesquiera otras que le sean encomendadas por la Administración educativa.

➔ **RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.**

Disposición adicional quinta. Plan dixital de centro.

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

➔ **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022**

Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta uns principios, uns obxectivos e uns referentes indicados.

Ao longo do curso 2021-2022, cada centro dentro da súa autonomía elaborará o documento do Plan Dixital para que sirva de referencia a toda a comunidade educativa, de xeito que no curso 2022-2023 a súa aplicación sexa efectiva.

No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro.

No curso 2022-2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

1.4. Proceso de elaboración

- **Realizouse unha análise da situación do centro**

A análise da situación do centros realizouse a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.

- **Realizar a diagnose de situación do centro.**

A partir do Informe SELFIE, o centro xerou un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que lle permitiu a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

O Informe Individual do test CDD permitiu ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atendese ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, o informe de centro permitiu planificar a liña de formación a través do PFPP.

- **Pautas para a elaboración do Plan Dixital**

O Plan Dixital realizouse en base a información recollida do informe de análise da situación do centro.

- **Temporalización**

Durante o primeiro trimestre do curso 2021-2022, realizamos a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o test CDD, para poder iniciar a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con dúas aulas de informática con 25 ordenadores cada unha, conectados a internet e ordenadores con PDI en todas as aulas. Na sala do profesorado hai tres ordenadores conectados a multicopista.

Con respecto á renovación, pretendemos que os recursos e material informático repóñase progresivamente e segundo as necesidades. Este curso adquiríronse un novo monitor interactivo, ordenadores portátiles e tabletas dixitais, e outro material dixital como cámaras HUE e camisetas e tarxetas interactivas.

Hai tamén a disposición do profesorado para uso nas aulas, 13 tabletas dixitais; 7 delas pertencen ao equipo de biblioteca; o resto son propiedade do centro.

Temos un armario cargador para o almacenamento das tabletas dixitais.

Co fin de posibilitar o enriquecemento das aprendizaxes do alumnado e contribuír a unha mellor autonomía no desenvolvemento da competencia dixital, o profesorado emprega a páxina web do centro e/ou a aula virtual. Nelas presentáanse tanto información como recursos educativos e actividades en rede, que ademais contribuen a complementar as aprendizaxes e a aumentar a motivación.

Un dos compromisos do equipo TIC do centro é manter actualizada a da WEB do centro.

Temos contratada unha empresa de mantemento informático debido o alto número de incidencias que se producen.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,4				
	Profesorado	2,2				
	Alumnado	3,1				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	3,8				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	-				

F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.4			
	Profesorado	3.5			
	Alumnado	3.1			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.1			
	Profesorado	2.7			
	Alumnado	-			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.3			
	Profesorado	2.8			
	Alumnado	3.6			

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	16	24	66,7%
PROVISIONAL	4	5	80%
INTERINO	1	2	50%
SUBSTITUTO	3	6	50%
DESPRAZADO	-	-	-

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	62,9	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)

EP	75,3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
----	------	-------------------	----	-------------------

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4%
A2	11	44%
B1	9	36%
B2	3	12%
C1	1	4%
TOTAL	25	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	O centro dispón cada vez de máis recursos dixitais e fomenta o seu uso (C8): 2 aulas de informática, tablets dixitais, ordenadores en cada aula, proxectores e monitores interactivos...	
	PERSOAL DOCENTE	O claustro móstrase aberto a novas modalidades de ensinanza. (A3) Si existe debate sobre o uso da tecnoloxía. (B2) Boa participación no DCP. (D2) Oferta de cursos de formación. O claustro crea e emprega numerosos recursos educativos en liña. (E1) Existencia dunha comunicación fluída coa comunidade educativa a través dos servizos corporativos (AbalarMóbil, web). (E4) Realízanse actividades TIC que integran ao alumnado. (F1)O claustro móstrase aberto a novas modalidades de ensinanza. (A3) Si existe debate sobre o uso da tecnoloxía. (B2) Boa participación no DCP. (D2) Oferta de cursos de formación. O claustro crea e emprega numerosos recursos educativos en liña. (E1) Existencia dunha comunicación fluída coa comunidade educativa a través	Poucos intercambios de experiencias/coñecementos entre o profesorado. (D3) Escasos proxectos interdisciplinares utilizando as TIC. (F6) Os datos obtidos dixitalmente non teñen un gran peso na avaliación do alumnado. (G9) En xeral, non se desenvolven prácticas de avaliación dixital para valorar as competencias do alumnado e o proceso de ensino-aprendizaxe. (G)

		dos servizos corporativos (AbalarMóbil, web). (E4) Realízanse actividades TIC que integran ao alumnado. (F1)	
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	O alumnado participa en iniciativas que melloran o comportamento responsable na rede. (H1) Incorporación nas diferentes materias de conceptos como a verificación da calidade da información, comportamento seguro e responsable do alumnado na Internet, etc.	Non se fomenta a colaboración do alumnado a través de tecnoloxías dixitais. (F5)
	FAMILIAS	Gran parte do alumnado conta con recursos dixitais na casa.	Non existe sinerxia para a aprendizaxe mixta. (B4)
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	O centro conta con numerosos dispositivos dixitais para o ensino. (C2)	Non existe un tempo específico adicado a explorar o ensino dixital (A4) nin para a creación de materiais de aprendizaxe, ao ter que realizar tarefas varias de aula, equipos, coordinacións e reunións. Non hai achegas para equipamento nin recursos materiais dixitais por parte da Administración.
	LEXISLACIÓN		Lexislación educativa cambiante. Quita tempo para un traballo eficaz.
	CONTORNA		
	ANPA		O alumnado non ten coñecementos en codificación/programación. (H11)
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Como propostas de mellora de cara ao curso académico 2022/2023 propónse:

- Adquirir máis unidades de tabletas dixitais. O obxectivo é chegar a ter un moble portátil con 25 ou 28 tabletas para dar servizo rotatorio a tódalas aulas.
- Presentar ao claustro a posibilidade de crear un dominio de Google Workspace para o centro o curso que vén, especialmente pensando nos cursos máis altos de primaria (4º, 5º e 6º).
- Facer un catálogo de materiais TIC, con fotografías, pequenas instrucións e ubicación, para que todo o profesorado poida facer uso deles con maior facilidade.
- E, por último pero fundamental, continuar coa realización de actividades dirixidas a mellorar a competencia dixital e autonomía nas TIC de todo o alumnado.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir das debilidades e ameazas identificadas a partir da análise DAFO, identificamos as áreas prioritarias e os obxectivos que queríamos acadar co Plan Dixital de centro:

1. Programar actividades e tarefas para que o alumnado poida ser competente dixitalmente.
2. Elaborar un banco de recursos educativos propios na Aula Virtual do centro para a consulta e utilización de todo o Claustro.
3. Lograr unha rede de colaboración e compartir coñecementos e experiencias entre o profesorado do centro.
4. Propoñer proxectos interdisciplinares nos que o alumnado de 5º e 6º de EP traballe e colabore de xeito dixital.
5. Iniciarse na programación a través do uso de Escornabots (Infantil e 1º ciclo de Primaria).
6. Desenvolver no alumnado competencias de alfabetización dixital na materia de Proxectos competenciais (en 3º e 5º de Primaria).

Para cada un deles establecemos un Plan de Acción no que especificamos:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- As accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, temporalización e recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentamos unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Nos últimos anos estamos facendo un esforzo por actualizar as infraestruturas tecnolóxicas e o equipamento do centro. Contamos con:

- Conexión a internet de calidade.
- Dúas aulas de informática.
- Ordenadores e pizarras dixitais en tódalas aulas.
- Monitores dixitais interactivos.
- Tabletas dixitais para uso do alumnado.
- Cámaras de documentos.
- Material didáctico de realidade aumentada.

Algúns destes dispositivos (coma os monitores interactivos ou os ordenadores para as aulas) foron solicitados á Consellería nun primeiro momento, dende onde nos comunicaron que tardarían en suministrarlos. Ante a necesidade que tiñamos por dispoñer deles nalgúnhas aulas, decidimos adquiridos cos fondos do propio centro.

O equipamento informático dalgúnhas aulas leva moitos anos en funcionamento e sería precisa unha renovación (por exemplo: os Encerados Dixitais Interactivos, que responden con pouca precisión ao manexo táctil ou nos que o audio non acada o volume necesario).

Plan de Acción

Táboa obxectivo 1 do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Área F. Pedagogía: Implementación na aula + Área H. Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 1:	Programar actividades e tarefas para que o alumnado poida ser competente dixitalmente. (H10, F4*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Programación por cursos. (Instrumento: programación)					
Valor de partida	Non hai unha programación.					
Valor previsto e data	Unha programación clara de actividades por cursos.			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Creación dunha programación de actividades e tarefas secuenciadas por niveis.	Equipo TIC Coordinador TIC	30/09/2022	Convocatoria Dispoñibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Informar ao claustro para que comece a desenvolver as actividades programadas.	Coordinador TIC Membros da CCP	30/10/2022	Convocatoria Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.3: Revisión trimestral dos obxectivos xa acadados e aínda pendentes.	Profesorado Equipo TIC	Final de cada trimestre	Escalas de valoración Profesorado Actas das xuntanzas	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A01.4: Avaliación final.	Claustro Equipo TIC	30/06/2023	Escalas de valoración Profesorado Memoria final	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

(*H10: Habilidades dixitais para diferentes materias e F4: Implicación do alumnado)

Táboa obxectivo 2 do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Área B. Colaboración e redes + Área E. Pedagogía: Apoios e recursos			
OBXECTIVO 2:	Elaborar un banco de recursos educativos propios na Aula Virtual do centro para a consulta e utilización de todo o Claustro. (B3, E3*)		Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC.		Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de recursos educativos compartidos. (Instrumento: Rexistro na Aula Virtual)		
Valor de partida	0 recursos compartidos.		
Valor previsto e data	20 recursos compartidos.		22/12/2022
ACCIÓNS A DESENVOLVER			

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Realización de buscas por internet de recursos e páxinas de interese.	Claustro do centro	30/11/2022	Internet Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Crear na Aula Virtual do centro un espazo para subir todo o material elaborado e/ou atopado.	Equipo TIC	30/11/2022	Internet Equipos informáticos Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: O profesorado comparte na Aula Virtual os recursos.	Claustro	22/12/2022	Claustro Internet Equipos informáticos Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*B3: Colaboracións e E3: Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe)

Táboa obxectivo 3 do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Área A. Liderado + Área D. Desenvolvemento profesional continuo			
OBXECTIVO 3:	Lograr unha rede de colaboración e compartir coñecementos e experiencias entre o profesorado do centro. (D3*)	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e Claustro.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O profesorado con dispoñibilidade horaria e coñecementos dixitais apoia a compañeiros/as que o soliciten.		

	(Instrumento: horarios do profesorado)				
Valor de partida	0 profesores con dispoñibilidade horaria apoian a un/ha compañeiro/a.				
Valor previsto e data	5 profesores con dispoñibilidade horaria apoian a un/ha compañeiro/a.			30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A03.1: Presentar na CCP a proposta.	Equipo Directivo CCP	15/09/2022	Convocatoria de reunión		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.2: Identificar nos tramos que mestres requiren apoio e cales o van prestar.	Coordinadores de tramo Claustro	30/09/2022	Acta de xuntanza		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.3: Organización dos apoios e posta en marcha.	Xefatura de estudos Claustro	30/11/2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.4: Avaliación dos beneficios obtidos e formulación de propostas de mellora.	Equipos de tramo CCP Equipo Directivo	05/06/23	Acta da CCP Memoria final		Realizada
					Aprazada
					Pendente

(*D3: Intercambio de experiencias)

Táboa obxectivo 4 do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Área F. Pedagogía: Implementación na aula + Área H. Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 4:	Propoñer proxectos interdisciplinares nos que o alumnado de 5º e 6º de EP traballe e colabore de xeito dixital. (F5, F6, G9, H4, H7, H8*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado de 5º e 6º de Primaria.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Creación dun proxecto interdisciplinar. (Instrumento: rúbrica)					
Valor de partida	0 proxectos creados.					
Valor previsto e data	1 proxecto creado.			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Definir o proxecto a realizar (obxectivos, competencias, contidos, interdisciplinaridade, avaliación...).	Profesorado de 5º e 6º de primaria Coordinador TIC	30/11/2022	Convocatoria de reunión do profesorado de cada nivel		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Presentación do proxecto ao alumnado, organización e desenvolvemento do mesmo.	Profesorado de 5º e 6º de primaria Alumnado	31/03/2023	Internet Equipos informáticos Ferramentas colaborativas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
		20/06/2023	Aula		Realizada	

A04.3: Exposición do traballo realizado.	Alumnado		Internet Equipos informáticos Ferramentas colaborativas		Aprazada	
					Pendente	
A04.4: Avaliación do proxecto interdisciplinar.	Profesorado	20/06/23	Instrumentos de avaliación (rúbrica)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*F5: Colaboración do alumnado, F6: Proxectos interdisciplinares, G9: Emprego de datos para mellorar a aprendizaxe, H4: Verificar a calidade da información, H7: Creación de contidos dixitais e H8: Aprender a comunicarse)

Táboa obxectivo 5 do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Área H. Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 5:	Iniciarse na programación a través do uso de Escornabots (Infantil e 1º ciclo de Primaria). (H11*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado de Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Os diferentes grupos empregan os Escornabots a lo menos unha vez cada trimestre. (Instrumento: Memoria anual)					
Valor de partida	Os Escornabots empréganse 0 veces durante o curso.					
Valor previsto e data	Os Escornabots empréganse 3 veces durante o curso.				20/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		

				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Presentación da proposta de uso dos Escornabots na CCP e dos recursos dispoñibles. Os coordinadores informan ao profesorado de Infantil, 1º e 2º de Primaria.	Equipo Directivo Coordinadores de tramo	15/10/2022	Convocatoria das xuntanzas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: O profesorado implicado elabora unha proposta de utilización dos robots ao longo do curso.	Profesorado de Infantil e 1º ciclo de Primaria	28/10/2022	Reunión do profesorado de cada nivel Escornabots		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Reflexión sobre a proposta: aspectos positivos e a mellorar.	Coordinadores de tramo Profesorado de Infantil e 1º ciclo de Primaria	20/06/2023	Acta da xuntanza, recollendo as reflexións do profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*H11: Aprender a codificar ou programar)

Táboa obxectivo 6 do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Área H. Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 6:	Desenvolver no alumnado competencias de alfabetización dixital na materia de <i>Proxectos competenciais</i> (en 3º e 5º de Primaria). (F6, H4*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado de 3º e 5º de Primaria.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<p>Nº de proxectos competenciais.</p> <p>% do alumnado que investiga e analiza información na Internet e presenta os resultados elaborando un produto (xa sexa dixital ou físico).</p> <p>(Instrumento: rúbrica)</p>					
Valor de partida	<p>0 proxectos competenciais no curso.</p> <p>Só o 20% alumnado é quen de investigar e analizar información na Internet e de presentar os resultados elaborando un produto.</p>					
Valor previsto e data	<p>2 proxectos competenciais no curso.</p> <p>O 90% do alumnado é quen de investigar e analizar información na Internet e de presentar os resultados elaborando un produto.</p>			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1: Presentación da proposta na CCP. Os coordinadores de tramo informan ao profesorado.	Equipo Directivo Coordinadores de tramo	28/10/2022	Convocatoria das xuntanzas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Programación dos proxectos competenciais que se queren levar a cabo en cada nivel.	Profesorado de 3º e 5º de Primaria	30/11/2022	Reunións de nivel		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

A06.3: Desenvolvemento dos proxectos competenciais por parte do alumnado.	Profesorado e alumnado de 3º e 5º de Primaria	21/06/2023	Dispositivos informáticos e dixitais Material funxible (dependendo das diferentes propostas) Aula de cada grupo		Aprazada	
					Pendente	

(*F6: Proxectos interdisciplinares e H4: Verificar a calidade da información)

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Este plan levarase ó claustro e posterior aprobación polo consello escolar o día 29 de xuño de 2022.

De cara ó curso escolar 2022/2023 o equipo directivo en coordinación co Equipo TIC do centro promoverá a súa difusión e posta en marcha.